



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA, E ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA

Na Coruña, a 24 de agosto de 2016

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, de conformidade co artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, D. Antonia María Eugenia Pérez Amieiro, maior de idade, provista do DNI núm. 51.174.396-V, en calidade de Presidenta da ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA e domicilio fiscal en Plaza de los Chopos BL. 22 NÚM. 1, 15008 de A Coruña (CIF: G-15034176).

As dúas partes recoñécense entre sí a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. Que o Concello da Coruña, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poida promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de actividades sociais (art. 25 LBRL).

2. Que a Lei xeral de subvencións, non seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega realizase sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega este suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, e a realización dunha actividade, debendo ó beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3. Que ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins estatutarios propios, proporcionar a información, orientación e



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

asesoramento sobre o enfermo mental e o seu entorno familiar, así como a forma de estimular o contacto e apoio solidario entre os seus familiares a fin de conseguir a máxima atención social ou de promoción dunha finalidade pública.

4. Que ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se poidan producir durante o desenvolvemento da actividade.

5. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA é de interese social para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, ó orzamento municipal para o ano 2016 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de deza e oito mil euros (18.000,00 €), gasto imputable á aplicación 70.231.480.33, coa finalidade de contribuír á realización das seguintes actividades: "Realización dun programa de inserción laboral para persoas afectadas por una enfermidade mental".

6. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón non seu artigo 22.2 que poderan concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

7. Que o procedemento de concesión poderá iniciarse de oficio ou a petición da entidade interesada, ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA, a requirimento municipal, presentou en data 16-06-2016 no Rexistro a documentación necesaria para a subscrición do convenio. Á vista da documentación presentada, e dos documentos acreditativos de cumprimento dos requisitos esixidos pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Ordenanza xeral de subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña, a Concelleira Delegada da Área de Igualdade e Diversidade, mediante Resolución de data 12-08-2016 resolveu autorizar o gasto e conceder a ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA, unha subvención para contribuír ao financiamento das actividades financiadas por importe de deza e oito mil euros (18.000,00 €) gasto imputable á aplicación 70.231.480.33 do Orzamento Municipal en vigor, e subscribir un convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social descrito.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no art. 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións por parte da ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA e por todo ó exposto, as dúas partes acordan a firma do presente convenio con suxección as seguintes

CLÁUSULAS



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

PRIMEIRA- Obxecto da axuda e periodo de realización da actividade

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA, coa finalidade de contribuír á realización das seguintes actividades:" " Realización dun programa de inserción laboral para persoas afectadas por una enfermidade mental", que se desenvolverá durante o exercicio 2016.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello

O Concello compromete a achegar a ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA a cantidade deza e oito mil euros (18.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 70.231.480.33.

TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co art. 32 do Regulamento da LXS entendese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá ao reintegro desta polo importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non superase o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora de devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da LXS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, non caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre sí, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Non caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención abonada en virtude deste Convenio.

A achega municipal non podera superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario

A entidade comprométese a que todo o persoal adicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, asinando a declaración responsable que está incluída no formulario de solicitude.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA, comprométese a destinar os fondos achegados polo Excmo. Concello da Coruña á finalidade contemplada , que se desenvolverá non exercicio 2.016 e a presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos na cláusulas deste Convenio.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA comunicará por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes dende a notificación da concesión da subvención no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA comprométese a comunicarlle ao Concello, por escrito e non prazo máximo dun mes dende que teñan coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA, comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA comprométese ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de xornais mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal a empregar para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello. O Concello estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obriga.

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DEL A CORUÑA comprométese a ter ao día baixo a



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou calquera outros que se precisen para o desenvolvemento da actividade.

En todas as actividades organizadas directamente pola ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA e que garden relación co obxecto do presente Convenio, incluírase ao Concello da Coruña como entidade patrocinadora.

QUINTA.- Gastos subvencionables

Consideranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc... En todo caso, debe acreditarse de xeito fehaciente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os que se efectúen con anterioridade á súa firma.

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa firma. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. E ademais non poderá contratarse polos beneficiario servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas co primeiro, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:
 - o Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
 - o Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando o/s terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase ao seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b),c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexa con entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitiranse coma gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custe da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido a actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que se acredite que se efectúa a prezos de mercado.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña una porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do pago efectivo do mesmo, nos termos establecidos no presente convenio.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.
- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionable so no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

SEXTA.- Abono da subvención



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

Con carácter xeral, o recoñecemento de obrigaón a favor do beneficiario e o pago da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no Art. 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 2% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención ao beneficiario en tanto non se ache ao corrente no cumprimento das súas obrigaóns tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA.- Xustificación

Finalizada a actividade, ou ben cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran **dous meses** desde a finalización da vixencia do convenio, a entidade ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA deberá presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral, para os efectos de xustificación:

- Impreso de presentación de solicitude de xustificación. Xustificación de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial se procede, para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado. Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, resolverase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.
- Certificado do Secretario da entidade, co Visto e Prace do presidente, en que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta e certificación acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao de cumprimento de obxectivos. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada (anexo 1).



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias (anexo 2).
- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, núm. documento xustificativo, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Xustificarse preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao Art. 73 do Regulamento de LGS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da Concellaría de Igualdade e Diversidade deste Concello, dos gastos realizados no exercicio da actividade. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos **111** e 190.
- No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos **111** e 190
- No caso de imputarse **gastos de persoal**: nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de seguridade social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema REDE. Deberá achegarse o modelo **111** (Trimestral) e modelo 190 (Resumo Anual) acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 18.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente con un NIF e unha sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañase á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debo ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

Todos os pagos relacionados ca finalidade deste convenio estimáse aconsellable que se realicen, preferentemente dende unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA.- Reintegro

Procederase ó reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde ó momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron.
- Incumprimento total ó parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste Convenio.



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula terceira deste Convenio
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar ó emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- En caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula sexta, e tralo requirimento efectuado dacordo co sinalado no artigo 70.3 do regulamento da LXS.
- E os demais supostos previstos na Lei xeral de subvencións e na Ordenanza xeral do Area de Benestar.

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será dende o 1 de xaneiro ata 31 de decembro de 2016.

DÉCIMA.- Causas de Resolución do Convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

UNDÉCIMA.- Responsabilidade

ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA queda sometida á responsabilidade e réxime sancionador establecido no art. 40 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DUODÉCIMA.- Natureza

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas normas que serviron de base á concesión da subvención e polo establecido na lexislación vixente na materia. As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ambas as partes sometéense expresamente á xurisdición dos



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

📁 105/2016/1399 📄 23710I003B

Ref.: CV 47/2016

Tribunais desta capital, para o que ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA renuncia expresamente ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

No disposto neste convenio, será de aplicación a Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a seu Regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e a Ordenanza xeral de subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e na data que figura no encabezamiento.

O Alcalde,

A Presidenta

Xulio Xosé Ferreiro Baamonde

Antonio M^a Eugenia Pérez Amieiro



Igualdade e Diversidade

Igualdad y Diversidad

105/2016/1399 23710I003B

Ref.: CV 47/2016